



## CONCLUSIÓNS EMPREGO

**Queremos, podemos e merecemos traballar.** Trátase dun dereito: todas as persoas deberían poder ter un emprego decente cun soldo digno. Non podemos permitir a explotación das persoas en situación máis precaria.

O Servizo Público de Emprego serve para algo máis que para tramitar subsidios e axudas. Debería funcionar como unha oficina de emprego real, con capacidade de apoio e acompañamento estable e profesionalizado ás persoas, para que obteñan traballos de calidade.

No encontro berramos alto e claro: **iMenos cursos e máis traballo!** Se se fai formación, debe estar adaptada ás necesidades do mercado laboral e non cursiños repetitivos e inútiles que solo dan traballo a quen os imparte.

Débense realizar programas de creación de emprego para persoas maiores de 50 anos, con atención tamén ás persoas que chegan a España nunha idade na que o mercado de traballo non as considera atractivas e empregables. Temos forza e moito que aportar.

**Coidar é unha forma de traballo.** É necesario recoñecer a figura da persoa coidadora e establecer medidas de inclusión laboral que inclúan flexibilidade de horarios, adaptación e compatibilización coas tarefas de coidados. Cun rexistro de persoas coidadoras e certificados de profesionalización se facilitaría que esas persoas accedan ao mercado laboral sen que eses anos de coidado señan un 'vacío' no seu currículo.

Para seguir avanzando na loita contra prexuízos, aporofobia e xenofobia, débese fomentar a diversidade nos postos de atención ao público das empresas, bonificar a contratación de persoas en risco de exclusión social e ampliar o número de persoas con discapacidade que deben estar contratadas nas empresas segundo o seu tamaño.

Queremos que o emprego digno e inclusivo sexa unha realidade para todas as persoas e para isto é necesario unir esforzos, aumentar a inversión no fomento do emprego das persoas con máis dificultades de inserción e loitar contra a precariedade e a explotación laboral.